

mica de Amigos do País, do concello de Santiago de Compostela, en que solicita o cambio de titularidade e de denominación.

Resultando que a titularidade do devandito centro corresponde ao *Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela, Sociedade Cooperativa Galega*.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Visto o Decreto 253/1995, do 29 de setembro, sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas, e a Orde do 5 de decembro de 1995 pola que se desenvolve o devandito decreto.

Considerando que se cumpriron neste expediente os requisitos exixidos pola normativa vixente nesta materia.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o cambio de titularidade do centro autorizado de música profesional Real Sociedade Económica de Amigos do País, código 15023120, a favor do seu novo titular *Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela, Sociedade Cooperativa Galega*, con todos os dereitos e obrigas contraídas polo cesionista Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela e sen prexuízo das responsabilidades que puidesen recaer sobre o anterior titular do centro por actos ou omisións realizados antes do cambio de titularidade que se autoriza. O cambio de titularidade non afectará o réxime de funcionamento do centro.

Segundo.-Autorizar o cambio de denominación do centro autorizado de música profesional Real Sociedade Económica de Amigos do País que pasa a denominarse centro autorizado de música profesional Contrapunto Histórico de Santiago, segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde.

Terceiro.-Inscribir estas modificacións no Rexistro de Centros dependente desta consellería.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade

co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Domicilio: praza Salvador Parga nº 4.

Denominación xenérica: centro autorizado de música profesional.

Denominación específica: Contrapunto Histórico de Santiago.

Titular: *Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela, Sociedade Cooperativa Galega*.

Código do centro: 15023120.

Postos escolares autorizados: 160 de ensinanzas elementais e 240 de ensinanzas profesionais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 22 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

A Orde do 29 de xaneiro de 2009 (publicada no DOG nº 21, do 30, coa corrección de erros no DOG nº 37, do 23 de febreiro) regula a aplicación en Galicia dos pagamentos directos á agricultura á gandaría e da indemnización compensatoria, e convoca as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

Pola súa parte, o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, regula a aplicación en España dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

Ambas as normas concretan a aplicación dos regulamentos comunitarios que regulan as ditas axudas da PAC, entre os que destaca o Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axudas aos agricultores.

Coa publicación do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, DOUE nº L

30/16, do 31 de xaneiro de 2009, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axudas aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) 1782/2003, incorpóranse as modificacións aprobadas no marco da última reforma da política agrícola común, denominada comunmente como o chequeo médico da PAC e que, basicamente, axusta determinados elementos das axudas directas e avanza cara a unha simplificación do réxime de pagamento único.

Entre as modificacións recollidas no devandito regulamento destaca a supresión da obriga de retirada de terras a partir do 1 de xaneiro de 2009, polo que os dereitos de retirada establecidos anteriormente se poden xustificar nas hectáreas suxeitas ás mesmas condicións de admisibilidade que calquera outro dereito. Polo dito motivo modificouse o concepto de hectárea admisible incluíndose determinadas zonas forestais e as zonas suxeitas a determinados compromisos ambientais. Ademais, os agricultores poderán utilizar as hectáreas admisibles para xustificar os dereitos de retirada nas mesmas condicións que os dereitos de axuda normais, polo que se eliminan as disposicións relativas á utilización dos dereitos de retirada.

Tamén se prevé o incremento na modulación aos pagamentos directos, que se aplicará só sobre o importe por enriba dos 5.000 euros que se lle conceda a un agricultor, razón pola que non se realizará unha redución para logo reembolsala aos mesmos titulares, eliminando o pagamento do importe adicional de axuda.

Outra modificación é que o período fixado para reintegrar á reserva nacional os dereitos de pagamento non utilizados reduciuse de tres a dous anos, aplicándose a todos os tipos de dereitos de pagamento. Ademais, os dereitos de retirada de terras e os dereitos procedentes da reserva nacional equipáranse na utilización e cesión aos dereitos de axudas normais.

Por outra parte, o Regulamento (CE) 73/2009 reforzou o concepto de condicionalidade, que inclúe as boas condicións agrarias e ambientais e os requisitos legais de xestión en materia de ambiente, saúde pública, sanidade e benestar animal, así como os requisitos mínimos na utilización de fertilizantes e fitosanitarios para os solicitantes das axudas agroambientais cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Esta revisión simplifica a aplicación da condicionalidade e actualiza os contidos dos requisitos legais de xestión e das boas condicións agrarias e ambientais.

Algunhas das disposicións do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 xaneiro de 2009, entraron en vigor ao principio do ano 2009 e outras entrarán a partir de 2010; respecto das primeiras, supuxeron e obrigaron á modificación da normativa reguladora do Estado español e, concretamente, por medio do Real

decreto 560/2009, do 8 de abril (BOE nº 87, do 9 de abril) que modifica parcialmente o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, e do Real decreto 486/2009, do 3 de abril (BOE nº 94, do 17 de abril), polo que se establecen os requisitos legais e de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñado, e que derroga o Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, matizando aspectos que se foron detectando na aplicación diaria deste réxime, incorporando simplificacións, como a de non aplicar reducións ás infraccións leves e eliminando obrigas innecesarias.

Os cambios normativos anteriormente mencionados afectan a Orde do 29 de xaneiro de 2009, polo que cómpre a súa modificación para recoller de forma adecuada a nova regulación nos aspectos relativos á supresión dos dereitos de retirada e da retirada obrigatoria, á aplicación da modulación e da condicionalidade.

Ademais do anterior, no Real decreto 560/2009, do 8 de abril, introdúcense modificacións froito da experiencia obtida na aplicación do sistema de pagamentos directos, como foi a eliminación do requisito de ter subscrito un contrato tipo de subministración de leite de vaca homologado para a percepción dos pagamentos do artigo 69 no sector lácteo.

Precísase, así mesmo, modificar determinadas referencias legais e outros textos relacionados cos dereitos de retirada, coa retirada obrigatoria e coa condicionalidade contidos nos anexos.

Por outra parte, a evolución que desde a publicación da Orde do 29 de xaneiro de 2009 se produciu nos procesos de concentración parcelaria en que se atopan diversas zonas, fai recomendable a modificación da relación contida no correspondente anexo para incluír aquelas zonas en que, publicada a toma de posesión dos predios de substitución, os agricultores deben declarar polas novas referencias de concentración, segundo se recolle no número 2 do artigo 11º da Orde do 29 de xaneiro de 2009.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Modificación da Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos direc-

tos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

A Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009 modifícase do seguinte modo:

Un.-Modifícase o artigo 1º do seguinte modo:

1. O texto da alínea a) do punto 1.2 queda redactado do seguinte modo:

«a) Pagamento único para os titulares de dereitos concedidos en virtude do artigo 1 do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, que abrangue as axudas desligadas recollidas no anexo I do Real decreto 560/2009, do 8 de abril».

2. Suprímese o punto 1.3.

3. O punto 1.6 queda redactado como segue:

«1.6. Así mesmo, de acordo co previsto no Regulamento (CE) 796/2004 e no Real decreto 486/2009, do 3 de abril (BOE nº 94, do 17 de abril) polo que se establecen os requisitos legais e de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñedo, establécense os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deberán cumprir os agricultores solicitantes das axudas, con relación á condicionalidade, así como o sistema de control e aplicación de reducións e exclusións no marco do Decreto 106/2007, da Xunta de Galicia, do 31 de maio».

Dous.-Modifícase o artigo 7º do seguinte modo:

1. Suprímese o punto 2.

2. O punto 3 queda redactado como segue:

«3. A superficie destinada a produtos con destino enerxético non é admisible para beneficiarse dos apoios recollidos no artigo 43 do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), agás no referente aos custos de establecemento de especies de crecemento rápido».

Tres.-Modifícase o punto 1 do artigo 10º do seguinte modo:

1. O texto da alínea q) queda redactado como segue:

«q) Labrar a terra: remover o terreo de cultivo mediante útiles mecánicos».

2. Suprímese o texto da alínea s).

3. O texto da alínea u) queda redactado como segue:

«u) Vexetación espontánea non desexada: aquelas especies vexetais que, aínda que non poñan en risco a capacidade produtiva dos solos agrícolas a medio e longo prazo, ameacen coa súa proliferación, con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico dun predio ou zona de cultivo determinada e con afectar por extensión os campos de cultivo circundantes».

4. Suprímense os textos das alíneas v), w) e x).

5. Engádense as alíneas y), z) e aa) que quedan redactadas como segue:

«y) Refinación de terras: aquelas operacións de acondicionamento da superficie do solo dos socalcos e terras de regadío, destinadas a mellorar a eficiencia do uso da auga e facilitar a práctica da rega, realizadas sobre parcelas de cultivo en que se utilizan métodos de rega por gravidade, por superficie ou por inundación».

«z) Zonas con elevado risco de erosión: as zonas que, para tal efecto, sexan establecidas pola Consellería do Medio Rural ou, de ser o caso, as definidas no Inventario Nacional de Erosión de Solos (2002-2012) do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, ou no Mapa de Estados Erosivos (1986-1990) do Ministerio de Medio Ambiente nas zonas onde non se editase o dito inventario».

«aa) Elemento estrutural: aquelas características do terreo tales como as marxes das parcelas con características singulares, terrazas de retención, camallóns, illas e enclaves de vexetación natural ou rocha, sebes e soutos que se encontren no interior da parcela, pozas, lagoas, estanques e bebedoiros naturais e árbores de barreira en liña, en grupo ou illados. Así mesmo, considéranse elementos estruturais pequenas construcións, como muretes de pedra seca, antigos pombais ou outros elementos de arquitectura tradicional que poidan servir de abeiro para a flora e a fauna».

Catro.-O artigo 16º queda redactado como segue:

«Este capítulo ten por obxecto definir na Comunidade Autónoma de Galicia as boas condicións agrarias e ambientais e os requisitos legais de xestión que deberá cumprir o agricultor no ano 2009 de acordo coa condicionalidade, de conformidade co Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

Tamén se define un sistema para a aplicación dos controis e as reducións, no relativo á condicionalidade, nos pagamentos, de conformidade co Regulamento (CE) 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, co Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setem-

bro, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e da condicionalidade en relación coas medidas de desenvolvemento rural, co Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais e de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas ao desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñado, e co Decreto 106/2007 da Xunta de Galicia, do 21 de maio, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación co desenvolvemento rural e coas axudas directas da política agrícola común».

Cinco.-Modifícase o artigo 18º do seguinte modo:

No primeiro parágrafo substitúese a mención ao artigo 5 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, pola mención ao artigo 6 do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello.

Seis.-Ao artigo 20º engádeselle un punto 4 co seguinte texto:

«4. Para os efectos do artigo 24.2º, parágrafo segundo, do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, non se aplicarán reducións a un agricultor cando todos os incumprimentos que se detectasen sexan menores, entendendo como tales os avaliados con gravidade leve, que non teñan repercusión fóra da explotación e dos que non derivan efectos ou o tempo de permanencia dos mesmos sexa menor dun ano. Os casos que entrañen riscos directos para a saúde pública ou a sanidade animal non se considerarán incumprimentos menores. Unha vez informado o agricultor das medidas correctoras que debe adoptar, se non corrixe a situación dentro dun prazo que non poderá ser posterior ao 30 de xuño do ano seguinte a aquel en que se observou o incumprimento, este non se considerará menor e aplicarase, como mínimo, unha redución do 1%. No caso de adoptar as medidas correctoras dentro do prazo previsto non se considerará incumprimento.

No caso dos beneficiarios das axudas previstas nos incisos i) a v) da alínea a) e nos incisos i), iv) e v) da alínea b) do artigo 36 do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, o establecido neste punto será aplicable a partir do ano 2010».

Sete.-O artigo 22º queda redactado como segue:

«Os pagamentos directos non poderán superar o límite establecido, de ser o caso, para cada liña de axuda, nin o límite global establecido no anexo IV do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009».

Oito.-O artigo 23º queda redactado como segue:

«1. A calquera pagamento directo superior a 5.000 euros que deba concederse na campaña 2009 a un agricultor, e soamente sobre o importe por enri-

ba dos ditos 5.000 euros, aplicaráselle unha redución dun 7%».

«2. A porcentaxe de redución prevista no número 1 incrementarase en catro puntos porcentuais para os importes dos pagamentos directos que excedan os 300.000 euros, non sendo de aplicación este incremento para os primeiros 300.000 euros».

Novo.-No artigo 24º os textos das alíneas b), c) e d) do punto 2 quedan redactados como segue:

«b) Os novos agricultores que realizasen a súa primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido con base no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), iniciando a súa actividade nalgún dos sectores que xa estean incorporados no réxime do pagamento único».

«c) Os novos agricultores que, tendo recibido dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional na asignación inmediatamente anterior, presentasen con posterioridade á dita solicitude de dereitos da reserva nacional solicitudes de axuda de conformidade co establecido no artigo 109.3º do Real decreto 1612/2008».

«d) Os agricultores cuxas explotacións estean situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tal como transformacións en regadío, concentracións parcelarias e beneficiarios de dereitos da reserva nacional de programas gandeiros, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nas ditas zonas, conforme o previsto no artigo 41.3º do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro, e que non recibiran xa dereitos de pagamento único da reserva nacional. Non obstante, a asignación prevista neste punto só terá lugar se, unha vez atendidos os casos previstos de sentenzas e novos agricultores, existe remanente na reserva».

Dez.-Modifícase o artigo 27º do seguinte modo:

1. Suprímese o texto do punto 3.

2. O texto do punto 4 queda redactado como segue:

«4. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considerarase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de axudas normais de maior importe. Entre os dereitos de axudas de idéntico valor considerarase a súa utilización segundo a orde de numeración que posúan».

Once.-Modifícase o texto do artigo 28º, que queda redactado como segue:

«Todo dereito de axudas que non se utilizase durante un período de dous anos incorporárase á reserva nacional, agás en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais. Non obstante, durante 2009 os dereitos de pagamento non utilizados duran-

te o bienio 2007-2008 non se engadirán á reserva nacional se foron utilizados en 2006, e durante 2010 os dereitos de pagamento non utilizados durante o bienio 2008-2009 non se engadirán á reserva nacional se foron utilizados en 2007».

Doce.-Modifícase o texto do artigo 30º, que queda redactado como segue:

«1. Consideraranse hectáreas admisibles para os efectos da xustificación dos dereitos de axudas normais as superficies agrarias da explotación, incluídas as superficies plantadas de plantas forestais de rotación curta (código NC ex 0602 90 41), agás as ocupadas por bosques ou as utilizadas predominantemente para actividades non agrarias, agás no caso das superficies dedicadas á produción de froitas e hortalizas en que unicamente se considerarán admisibles as superficies con tomates para transformación, superficies con pexegueiros de carne amarela aptos para transformación, superficies con pereiras das castes Williams e Rocha, superficies con ameixeiras da caste de Ente, superficies con figueiras e superficies de viña para vinificación e para produción de uvas da caste Moscatel».

«2. Tamén se considerarán hectáreas admisibles as superficies utilizadas para xustificar dereitos de pagamento único no ano 2008, e que:

a) Deixasen de cumprir a definición de admisible como consecuencia da aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou

b) Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexa forestada de conformidade co artigo 31 do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), ou o artigo 43 do Regulamento (CE) 1698/2005, ou conforme un réxime nacional cuxas condicións se axusten ao disposto no artigo 43, números 1º, 2º e 3º do dito regulamento, ou

c) Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexa unha superficie que se retirara da produción conforme os artigos 22 a 24 do Regulamento (CE) 1257/1999 ou o artigo 39 do Regulamento (CE) 1698/2005».

«3. Agás no caso de forza maior ou en circunstancias excepcionais, as hectáreas cumpriran os criterios de admisibilidade en todo momento ao longo do ano natural en que se presenta a solicitude».

Trece.-Modifícase o segundo parágrafo do artigo 31º, que queda redactado como segue:

«Por outra parte, poden realizarse cultivos secundarios, establecidos no artigo 1, número 1º, alíneas i) e j) do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, con excepción das patacas distintas das utilizadas para a fabricación de fécula, durante un período máximo de tres meses a partir da data establecida para tal efecto no anexo I do Regulamento (CE) 795/2006».

Catorce.-Suprímense os textos dos artigos 32º, 33º e 34º.

Quince.-Modifícase o texto do artigo 37º, que queda redactado como segue:

«1. Os dereitos de axuda poderán ser obxecto de cesión entre agricultores establecidos en todo o territorio nacional, coa excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, ben en venda, arrendamento ou mediante calquera outra forma admitida en dereito».

«2. A venda dos dereitos de axuda pode realizarse con ou sen terras. Nos casos de arrendamento de dereitos irá acompañado da cesión dun número equivalente de hectáreas admisibles polo mesmo período de tempo».

«3. Poderanse ceder voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non se vaian utilizar».

«4. No caso de cesións de fraccións de dereitos, con ou sen terras, farase o cálculo e asignación do valor do dereito de acordo cos criterios proporcionais do artigo 3.3º do Regulamento (CE) 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

«5. No caso de cesión dos dereitos especiais, a exención da obriga de establecer un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda establecida no número 2 do artigo 11º só se manterá se se ceden todos os dereitos de axuda obxecto da excepción, considerándose neste caso unha cesión de dereitos de axuda con terras».

«6. No caso de que a cesión de dereitos especiais sexa parcial, os dereitos cedidos pasarán a normais e non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para eles».

Dezaseis.-Modifícase o texto do punto 2 do artigo 39º, que queda redactado como segue:

«2. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda ao Fogga entregando xunto á dita comunicación os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditala. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e rematará seis semanas antes da finalización do prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano.

Entenderase que a cesión foi aceptada se ás seis semanas desde a comunicación o Fogga non notificou xustificadamente a súa oposición. Unicamente poderá oponse á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro e do Regulamento (CE) 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

Dezasete.-Modifícase o artigo 44º do seguinte modo:

1. O texto do punto 3 queda redactado como segue:

«3. As terras retiradas no marco deste artigo deben cumprir as condicións seguintes:

a) O barbeito realizarase mediante os sistemas tradicionais de cultivo, de mínima labra ou mantendo unha cuberta vexetal adecuada, tanto espontánea como cultivada, para minimizar os riscos de erosión, de aparición de incendios, malas herbas, pragas e enfermidades, conservar o perfil salino do solo, a capacidade produtiva do mesmo e favorecer o incremento da biodiversidade.

b) As aplicacións de herbicidas autorizados serán efectuadas con aqueles que non teñan efecto residual e sexan de baixa perigosidade.

c) No caso de manter unha cuberta vexetal, esta non poderá ser utilizada para a produción de sementes nin aproveitada baixo ningún concepto con fins agrarios antes do 31 de agosto ou antes do 15 de xaneiro seguinte para producir cultivos destinados a seren comercializados, agás naquelas zonas previstas no número 3º do artigo 32 do Regulamento (CE) 795/2004 da Comisión, do 21 de abril».

2. Engádesse un punto 5 co seguinte texto:

«5. Nos casos recollidos no punto 5º do artigo 32 do Regulamento (CE) 795/2004, do 21 de abril, o Fogga poderá autorizar todos os produtores afectados a utilizar as terras que declárasen retiradas da produción para fins de alimentación animal de aproveitamento non lucrativo. O Fogga deberá notificar cada autorización debidamente xustificada ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que este pola súa vez a notifique á Comisión Europea».

Dezaioite.-Modifícase o texto do primeiro parágrafo do punto 3 do artigo 56º, que queda redactado como segue:

«3. Cando na explotación se venda leite, para determinar o número de cabezas con dereito a prima, a pertenza dos animais ao censo de vacas leiteiras ou ao de nutrices establecerase mediante a relación entre a cantidade de referencia do beneficiario e o rendemento leiteiro medio para España establecido no anexo XVI do Regulamento (CE) 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro».

Dezanove.-Suprímese o texto da alínea d) do artigo 70º.

Vinte.-Suprímense os textos dos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 75º.

Vinte e un.-Modifícase o artigo 91º do seguinte modo:

1. Modifícase o texto do punto 1, que queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, o Fogga efectuará os pagamentos recollidos no punto 1.2 do artigo 1º, entre o 1 de decembro e o 30 de xuño do ano natural seguinte. Os pagamentos poderán efectuarse en dous prazos».

2. Suprímese o texto do punto 3.

Vinte e dous.-Modifícase o anexo 10 do seguinte modo:

1. Suprímese o produto de código 28.-Retirada obrigatoria para RPU, do anexo 10-A.

2. Suprímese a relación 2.-Variedades de retirada obrigatoria para pagamento único, do anexo 10-B.

Vinte e tres.-Modifícase o anexo 12 para engadir as seguintes zonas de concentración parcelaria:

Código	Provincia	Concello	Código da zona	Nome da zona	
15	A Coruña	029	Coristanco	01	Couso
15	A Coruña	060	Ordes	03	Buscás II
27	Lugo	004	Baleira	01	Esperela
27	Lugo	004	Baleira	02	Librán
32	Ourense	006	Baltar	03	Niñodagua

Vinte e catro.-Substitúese o anexo 21 polo texto do anexo I desta orde.

Vinte e cinco.-Substitúese o anexo 22 polo texto do anexo II desta orde.

Vinte e seis.-As referencias ao articulado do Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, contidas no punto 1 do artigo 1º; no punto 2 do artigo 4º; no punto 1 do artigo 6º; no punto 4 do artigo 7º; nas alíneas i), j) e k) do artigo 10º; no punto 1 do artigo 11º; no punto 1 do artigo 26º; no artigo 40º; no artigo 41º; no artigo 46º; no artigo 47º; nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 48º; no artigo 49º; no artigo 50º; nos puntos 1 e 2 do artigo 51º; no artigo 52º; no artigo 55º; no punto 1 do artigo 56º; no artigo 56º; no artigo 58º; no punto 1 do artigo 59º; no título do capítulo 5; e no punto 1 do artigo 87º; entenderanse realizadas ao Regulamento (CE) nº 73/2009, do Consello, do 29 de xaneiro de 2009, conforme a táboa de correspondencias contida no anexo XVIII do devandito regulamento.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Anexo 21

Requisitos legais de xestión (normas comunitarias, estatais e autonómicas)

Ámbito	Directivas e regulamentos comunitarios: actos	Artigos de referencia: requisitos	Normas nacionais de referencia	Normativa autonómica
Ambiente	1. Dir. 79/409 conservación das aves silvestres.	Art. 3 e 4: preservar os espazos que constitúen os hábitats naturais das especies de aves migratorias, ameazadas e en perigo de extinción. Art. 5: réxime xeral de protección para todas as especies de aves.	Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.	Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais. Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan as zonas húmidas protexidas. Decreto 284/2001, do 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas.
	2. Dir. 80/68 protección das augas subterráneas contra a contaminación.	Art. 4 e 5: impedir a introdución de determinadas substancias perigosas nas augas subterráneas.	Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o réxime do dominio público hidráulico	
	3. Dir. 86/278 protección do ambiente e en particular dos solos na utilización dos lodos de depuradora en agricultura.	Art. 3: cumprimento da normativa nacional relativa á utilización de lodos en agricultura.	Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario. Orde do 26 de outubro de 1993 que desenvolve o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario.	
	4. Dir. 91/676 protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.	Artigos 4 e 5: cumprimento das medidas establecidas nos programas de actuación, nas explotacións agrícolas e gandeiras situadas en zonas declaradas pola comunidade autónoma como zonas vulnerables.	Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.	Resolución do 12 de abril de 2000, da Consellería de Medio Ambiente, sobre a declaración de zonas vulnerables.
	5. Dir. 92/43 conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.	Art. 6: conservación de hábitats e especies da Rede Natura 2000. Art. 13: prohibición de recoller, así como cortar, arrincar ou destruír intencionadamente na natureza as especies listadas no anexo V. b) da Lei 42/2007, na súa área de distribución natural.	Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.	Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e normativa que a desenvolve. Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais. Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan as zonas húmidas protexidas.
Saúde pública, zoosanidade e fitosanidade	6. Dir. 2008/71/CE identificación e rexistro de porcos.	Art. 3: rexistro de explotacións porcinas por parte dos estados membros. Art. 4: condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie porcina. Art. 5: requisitos de identificación e do movemento de animais da especie porcina.	Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie porcina. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementsos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.	
	7. Regulamento (CE) nº 1760/2000 sistema de identificación e rexistro de bovinos e etiquetaxe da carne de vacún e dos seus produtos.	Art. 4: requisitos e condicións da marcación auricular da especie bovina. Art. 7: requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro de animais da especie bovina.	Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementsos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.	
Identificación e rexistro dos animais	8. Regulamento (CE) nº 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa e se modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE (DO L 5, do 9-1-2004, p.8).	Artigos 3, 4 e 5: comprobar a correcta identificación e rexistro do gando ovino-cabrún.	Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementsos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.	
Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias	9. Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización dos produtos fitosanitarios (DO L 230, do 19-8-1991, p. 1).	Artigo 3: utilización correcta de produtos fitosanitarios autorizados e existencia do seu rexistro.	Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.	

Ámbito	Directivas e regulamentos comunitarios: actos	Artigos de referencia: requisitos	Normas nacionais de referencia	Normativa autonómica
Notificación de enfermidades	10. Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias β -agonistas na cría de gando e pola que se derrogan as directivas 81/602/CEE, 88/146/CEE e 88/299/CEE (DO L 125, do 23-5-1996, p. 3).	Artigos 3, 4, 5 e 7: comprobar que non hai na explotación, salvo que exista unha xustificación, substancias non autorizadas, non administrar estas substancias aos animais (salvo as excepcións para os tratamentos zootécnicos ou terapéuticos) e non comercializar animais aos cales se lles subministrasen substancias ou produtos non autorizados e no caso de administración de produtos autorizados, que se respectou o prazo de espera prescrito para estes produtos.	Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias β -agonistas de uso na cría de gando.	
	11. Regulamento (CE) nº 178/2002 do Parlamento europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria (DO L 31, do 1-2-2002, p.1).	Art. 14: os produtos da explotación destinados a seren comercializados como alimentos deben ser seguros. Art. 15: comprobar que nas explotacións gandeiras destinadas á produción de alimentos non existen nin se lles dan aos animais pensos que non sexan seguros. Art. 17(1) (*): sobre hixiene dos produtos alimentarios e dos pensos (desenvolvido polos regulamentos (CE) nº 852/2004 e 183/2005, e sobre hixiene dos produtos de orixe animal (desenvolvido polo Regulamento (CE) nº 853/2004). Art. 18: rastrexabilidade. Identificación dos operadores que subministraron a unha explotación pensos, alimentos, animais para produción de alimentos, ou substancias destinadas a seren incorporadas a un penso ou a un alimento e identificación dos operadores a que a explotación subministrou os seus produtos. Art. 19 e 20: responsabilidades dos explotadores de empresas de pensos/alimentos.	Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene de pensos e se establece o Rexistro Xeral de Establecementos no sector de alimentación animal: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrícolas e forestais en materia de rexistro da información sobre o uso de produtos fitosanitarios.	
	12. Regulamento (CE) nº 999/2001 do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (DO L 147, do 31-5-2001, p. 11).	Art. 7: respectar as prohibicións en materia de alimentación dos animais. Art. 11: cumprimento na notificación de encefalopatías esponxiformes transmisibles. Art. 12: adopción das medidas relativas aos animais sospeitosos. Art. 13: adopción das medidas conseguintes á confirmación da presenza de encefalopatías esponxiformes transmisibles. Art. 15: posta no mercado de animais vivos, esperma, os seus óvulos e embrións.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.	
	13. Directiva 85/511/CEE do Consello, do 18 de novembro de 1985, pola que se establecen medidas comunitarias de loita contra a febre aftosa (DO L 315 do 26-11-1985, p. 11).	Art. 3: cumprimento na notificación da febre aftosa.	Real decreto 2179/2004, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a febre aftosa.	
	14. Directiva 92/119/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina (DO L 327, do 22-12-2000, p. 74).	Art. 3: cumprimento na notificación da enfermidade vesicular porcina e outras enfermidades de declaración obrigatoria recollidas no anexo I da directiva.	Real decreto 654/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.	
15. Directiva 2000/75/CEE do Consello, do 20 de novembro de 2000, pola que se aproban disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina (DO L 327, do 22-12-2000, p. 74).	Art. 3: cumprimento na notificación obrigatoria da febre catarral ovina ou lingua azul.	Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.		
Benestar animal	16. Directiva 91/629/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos (DO L 340, do 11-12-1991, p. 28).	Art.3: condicións das explotacións de xatos. Art. 4: condicións relativas á cría dos xatos.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos.	
	17. Directiva 91/630/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos (DO L 340, do 11-12-1991, p. 33).	Art. 3: condicións das explotacións de porcos. Art. 4 (1): condicións relativas á cría de porcos.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.	

Ámbito	Directivas e regulamentos comunitarios: actos	Artigos de referencia: requisitos	Normas nacionais de referencia	Normativa autonómica
	18. Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (DO L 221, do 8-8-1998, p. 23).	Art. 4: condicións de cría e mantemento de animais.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.	

(*) Implementado por:

Regulamento (CE) nº 852/2004: artigo 4 (1) e anexo I parte A (II4 (g, h, j), 5 (f, h), 6; III 8 (a, b, d, e), 9 (a, c)).

Regulamento (CE) nº 853/2004: artigo 3 (1) e anexo III sección IX capítulo 1 (I-1 b, c, d, e; I-2 a (i, ii, iii), b (i, ii), c; I-3; I-4; I-5; II-A 1, 2, 3, 4; II-B 1 (a, d), 2, 4 (a, b)), anexo III, sección X, capítulo 1(1).

Regulamento (CE) nº 183/2005: artigo 5 (1) e anexo I, parte A, (I-4 e, g; II-2 a, b, e), artigo 5 (5) e anexo III (1, 2), artigo 5 (6).

Regulamento (CEE) nº 2377/90: artigos 2, 4 e 5.

Regulamento (CE) nº 396/05: artigo 18.

ANEXO II

Anexo 22

Boas condicións agrarias e ambientais

Norma	Condición	Contido
Evitar a erosión	Cobertura mínima do solo	<p><i>Cultivos herbáceos:</i> Nas parcelas agrícolas de secaño que se sementen con cultivos herbáceos de inverno, non se deberá vesar o solo entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de setembro, data que se establece como referencia do inicio da presemteira, excepto para realizar cultivos secundarios, tal e como se recolle no Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación de pagamentos directos á agricultura e á gandaría.</p> <p>Non obstante, para favorecer a implantación da cuberta vexetal con cultivos herbáceos e por razóns agronómicas, como as dobres colleitas, climáticas e de tipoloxía de solos, poderanse establecer en certas zonas datas de inicio da presemteira máis adaptadas ás súas condicións locais, así como técnicas adecuadas de labra.</p>
		<p><i>Cultivos leñosos:</i> No caso do oliveiral en pendente igual ou superior ao 10% en que se manteña o solo nu na volta das oliveiras mediante a aplicación de herbicidas, será necesario manter unha cuberta vexetal de largura mínima de 1 metro nas rúas transversais á liña de máxima pendente ou nas rúas paralelas á dita liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento na outra dirección. Non obstante, no momento en que poida competir co cultivo, a dita cuberta poderá eliminarse mediante métodos químicos ou mecánicos, e poderá ser incorporada mediante un labor superficial.</p> <p>Non se poderá arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15 por cento, salvo que sexa obxecto de reposición autorizada pola autoridade competente e naquelas zonas nas que así se estableza e nestes casos respectar as normas destinadas á súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.</p> <p>O disposto nestes dous parágrafos non será de aplicación cando a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos.</p>
Ordenación mínima da terra que respecte as condicións específicas do lugar		<p><i>Terras de barbeito e de retirada:</i> Nas terras de retirada ou barbeito realizaranse opcionalmente algunha das seguintes prácticas: as tradicionais de cultivo, as de mínima labra ou o mantemento dunha cuberta vexetal adecuada, ben sexa espontánea ben mediante sementeira de especies mellorantes.</p> <p>Deforma alternativa ao mantemento dunha cuberta vexetal, ou para complementar o labra tradicional ou a mínima labra e con fins de fertilización, poderase incorporar unha cantidade máxima total de 20 toneladas por hectárea (t/ha) de esterco, ou 40 m³/ha de xurro cada tres anos, cando estea prevista a inmediata sementeira ou implantación dun cultivo, e de conformidade co disposto Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección de augas contra a contaminación producida polo nitratos procedentes de fontes agrarias.</p>
		<p><i>Cultivos herbáceos:</i> Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non se deberá vesar con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media exceda o 10 por cento, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos.</p>
		<p><i>Cultivos leñosos:</i> En cultivos de viñedo, oliveiral, e froitos secos, non se deberá vesar a favor da pendente na terra en recintos con pendentes superiores ao 15 por cento, salvo que se adopten formas de cultivo especiais como terrazas ou socalcos, cultivo en faixas, se practique unha labra de conservación ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. No caso da existencia de socalcos, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes.</p> <p>O anteriormente disposto non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo poida verse afectado pola erosión.</p>
Conservar a materia orgánica do solo	Xestión de restollos	<p><i>Zonas con elevado risco de erosión:</i> Deberanse respectar as restricións que estableza a Administración competente para evitar a degradación e a perda do solo.</p>
		<p><i>Terrazas de retención:</i> As terrazas de retención deberán manterse en bo estado de conservación, coa súa capacidade de drenaxe, evitando os aterramentos e derrubamentos e, en calquera caso, a aparición de cavorcos.</p>
Conservar a materia orgánica do solo	Xestión de restollos	<p>Non poderá queimarse restollos en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente, neste caso estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de lumes, e en particular, as relativas á largura mínima dunha franxa perimetral cando os terreos estremen con terreos forestais.</p>
		<p>Cando se eliminen restos de colleita de cultivos herbáceos e dos de poda de cultivos leñosos deberá realizarse sempre consonte a normativa establecida.</p>

Norma	Condición	Contido
Evitar a compactación e manter a estrutura dos solos	Utilización da maquinaria axeitada	En solos saturados, así como en terreos enchoupados, salvo os de arroz, ou con neve, non deberá realizarse a labra nin pasar ou permitir o paso de vehículos sobre o terreo, salvo naqueles casos considerados de necesidade pola autoridade competente. Para estes efectos, considéranse casos de necesidade os relacionados coas operacións de recolección de colleitas, fertilización de cobertoira, de tratamentos fitosanitarios, de manexo e de subministración de alimentación ao gando, que coincidan accidentalmente con épocas de chuvias.
Garantir un nivel de mantemento e prever o deterioro dos hábitats	Mantemento de pasteiros permanentes	As superficies de pasteiros permanentes deberán manterse en condicións adecuadas, evitando a súa degradación e invasión por matogueira. Para isto poderase optar por manter unha nivel mínimo de carga gandeira efectiva que será igual ou superior a 0,1 UGM/ha. Por enriba deste nivel mínimo poderanse establecer, conforme o tipo de pasto e as condicións locais, os niveis mínimos e máximos de carga gandeira efectiva que se consideren máis apropiados en función de distintos agro-ecosistemas. En caso de pendentes maiores do 20%, as comunidades autónomas poderán establecer unha carga máis reducida. De forma alternativa, no caso de non alcanzar os oportunos niveis de carga gandeira efectiva, será requisito obrigatorio realizar un labor de mantemento adecuado que evite a degradación do pasteiro permanente de que se trate e a súa invasión por matogueira.
	Protección dos pasteiros permanentes	Non se poderán queimar nin decruar os pasteiros permanentes, salvo para labores de rexeneración da vexetación, e, no caso de rexeneración mediante queima, será necesaria a autorización previa e o control da Administración competente. En todo caso, será obrigatoria a adopción de medidas destinadas á protección do arboredo na zona da queima e no seu contorno.
	Mantemento dos elementos estruturais	Non se poderá efectuar unha alteración dos elementos estruturais definidos no artigo 10º desta orde sen a autorización da autoridade competente. Exceptúanse desta obriga a construción de paraxes para a corrección de cavorcos, regueiros e socalcos, así como as operacións de refinación de terras que se realicen naquelas parcelas que se vaian dedicar ao cultivo de arroz e outros de regadío.
	Prohibición de arrancar oliveiras	Cando o órgano competente da comunidade autónoma considere que existe un elevado risco de abandono da produción agraria, de despoboamento ou outras razóns que así o aconsellen, poderá establecer zonas en que non poderán arrincarse oliveiras sen que estas sexan substituídas.
	Prevenção da invasión das terras agrícolas por vexetación espontánea non desexada	Será obrigatorio o mantemento das parcelas en condicións apropiadas para o seu cultivo, mediante o control da vexetación espontánea non desexada. Considéranse especies herbáceas non desexables: <i>Senecio spp</i> , <i>Rumex spp</i> e <i>Cirsium spp</i> . Tal obriga quedará sen efecto unicamente naquelas campañas excepcionais en que, como consecuencia de condicións meteorolóxicas adversas, resultase imposible proceder no momento adecuado á súa eliminación.

Boas condicións agrarias e ambientais

Norma	Condición	Contido
	Mantemento das oliveiras e viñedos en bo estado vexetativo	Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento das oliveiras en bo estado vexetativo. Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento dos viñedos en bo estado vexetativo.
	Mantemento dos hábitats	Non se poderán abandonar ou verter materiais residuais procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras sobre terreos enchoupados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas. Non se poderán aplicar produtos fitosanitarios, fertilizantes, lodos de depuradora, compost, xurros ou esterco, nin limpar a maquinaria empregada para estas aplicacións sobre terreos enchoupados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas. Exceptúase desta prohibición a aplicación de fertilizantes e tratamentos fitosanitarios en parcelas de cultivo de arroz. Para evitar o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas, as explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente deberán dispor e utilizar tanques de almacenamento ou fosas, esterqueiras e balsas impermeabilizadas natural ou artificialmente, estancas e con capacidade axeitada ou, no seu caso, dispor da xustificación do sistema de retirada dos esterco e xurros da explotación.
	Uso da auga e rega	Para as superficies de regadío o agricultor deberá acreditar o seu dereito de uso da auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente. Os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera outro título teñan dereito ao seu uso privativo estarán obrigados a dispor dos sistemas de control da auga de rega establecidos polas respectivas administracións hidráulicas competentes, de forma que garantan unha información precisa sobre os caudais de auga efectivamente empregados.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico (código de convenio 8201015), de actores e actrices de teatro de Galicia, que se subscribiu o 18 de febreiro de 2009, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de conve-

nios colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido convenio colectivo no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral, con notificación á comisión negociadora.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais